

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido a un desacordo cun PIA de dependencia

Expediente: G.6.Q/4458/18

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] en relación co desacordo cun PIA de dependencia.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que desde 2016 está solicitando o cambio do PIA inicial aprobado pola libranza para coidados na contorna familiar, pois non dispón de cartos para pagar a parte que lle corresponde do servizo de axuda no fogar. Está pendente da resolución do seu recurso de alzada. Isto xa lle ocorreu en dúas ocasións máis e nunca lle concederon a libranza para coidados na contorna familiar.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. Nela sinalou que *con data de entrada no Rexistro Xeral o 29 de maio de 2018* [REDACTED] *presenta recurso de alzada perante o conselleiro de Política Social. Nestes momentos dito recurso está pendente de resolver.* O recurso de alzada estaba en prazo (3 meses), polo que non era posible requirir da consellería o seu resultado.

3. Agora o interesado sinala que a situación é a mesma, a pesar de que o prazo para resolver o recurso xa venceu. Requirimos á consellería que aportara novo informe, que remitiu. Nel sinala o seguinte:

“... Nestes momentos dito recurso de alzada está pendente de resolver debido á gran sobrecarga de traballo. De acordo coa lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no seu artigo 122 refire que o prazo para resolver o recurso de alzada é de 3 meses e transcorrido este prazo sen ditarse resolución, poderase entender desestimado, salvo no suposto previsto na artigo 24.1, terceiro parágrafo. Contra a resolución dun recurso de alzada non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1”.

## ANÁLISE

1. Confírmase que o recurso se atopa retrasado; foi interposto en maio e aínda non se resolveu, despois de que vencera o prazo legal (3 meses). A consellería non indica cando se resolverá, polo que permanece a incerteza.
2. O retraso do recurso non permite coñecer sobre o fondo do asunto, que é o outorgamento dun PIA que non se corresponde co reclamado (se da un SAF e non a prestación económica para cuidados na contorna familiar).
3. Os recursos deben resolverse en 3 meses, de acordo co previsto no art. 122.2 da Lei 39/2015, polo que o prazo para resolver xa venceu. O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Polo tanto, a administración non pode alegar esa circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución.
4. A persoa que reclama por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con diversidade funcional de carácter físico, sensorial e psíquica, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os amparará especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

## CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se resolva o recurso de alzada pendente, que se atopa retrasado, e que nel se resolva sobre o fondo do asunto; e que tamén con urxencia se apliquen as medidas que correspondan para solucionar o retraso dos recursos interpostos por cuestións de dependencia.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo